

# PREGUNTAS E RESPOSTAS

## AGROAMBIENTE E CLIMA E AE

### XERAIS:

**1. Pódese facer cambio de prima durante a duración período de compromiso?**

Non, non será posible cambiar de prima, agás no caso que inicialmente solicite a prima de conversión a agricultura ecolóxica que poderá solicitar posteriormente a de mantemento en agricultura ecolóxica. Polo tanto, a prima na que se inicia o período de compromiso e na que se debe manter ata a finalización do mesmo. Isto débese ter en conta especialmente na prima de "Extensificación de vacún de leite" xa que implicará manterse nesa orientación produtiva (vacún de leite) ata a finalización do período de compromiso,

**2. Un xubilado podería cobrar a novas axudas de "zonas con limitacións naturais" ou as axudas de "agroambiente e clima e AE"?**

Sí, sempre e cando cumpra a condición de agricultor activo, no caso das axudas de AE e ZLN, e o resto de requisitos e compromisos.

**3. Dende cando debe recibir o beneficiario o servizo de aconsellamento dunha entidade inscrita debidamente no correspondente rexistro?**

Tendo en conta que a prima que lles pagamos compensa o incremento de custos e perda de ingresos por asumir voluntariamente os compromisos subscritos da submedida a que se acollan durante un ano, **deben de recibir o servizo de aconsellamento dende o 01/01/15**, no caso de que inicie os compromisos na campaña 2016, dende o 01/01/16.

**4. Nos casos de trashumancia a outras comunidades as axudas de "zonas con limitacións naturais" ou as axudas de "agroambiente e clima e AE" que as paga.**

O beneficiario poderá solicitar polas unidades (superficie/animais) que teñan situadas fora de Galicia as respectivas axudas segun as liñas de axudas que puidera recoller no seu PDR.

**5. As parcelas fóra de Galicia pero en concellos limítrofes ó da explotación, pagase por esa superficie?**

Si, deberá solicitar as axudas á correspondente CCAA, no propio SGA dáse esa opción.

**6. Nas axudas de AEC e AE os pastos de uso común, a superficie non é indemnizable en ningún caso pero eses pastos teranse en conta para a carga gandeira se son declarados na solicitude única.?**

Si, para o cálculo da carga gandeira terase en conta toda a superficie forraxeira da explotación de uso en común ou non.

**7. E se non son declarados na SU, para determinar a carga gandeira considerarase a superficie que declaren e as UGMS que declaren, incluídas as trashumantes, é así?**  
Consideraremos as UGM que estean nas datas dos controis administrativos ou que xustifiquen por trashumancia, en canto a superficie deberían declarar toda a que aproveitan, incluso a superficie que aproveitan coa trashumancia.

**8. Dende cando debe estar inscrita a entidade de aconsellamento (EA) no RESAXEGA:?**

A EA debe estar actualmente xa inscrita no Resaxega ou be que teña presentada unha solicitude de inscrición no Resaxega, antes 01/01/2015, para a campaña 2016 a solicitude será antes do 01/01/16.

**9. Un xubilado que ten a pensión máis 1900 € de axudas da agraria e ingresos pola venda de madeira, estes ingresos de madeira son considerados tamén coma ingresos agrarios para o cálculo do 20% a hora de ser considerado agricultor en activo?**

Se se recollen no apartado correspondente da renda de rendementos de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais en estimación “obxectiva ou directa”, si poderían computar como ingresos agrarios, en todo caso, é unha cuestión tributaria de donde debe imputar esos ingresos, que terá que dirimir coa AEAT.

**10. Compatibilidade entre axudas.**

As axudas de agricultura ecolóxica (conversión e mantemento) so son compatible coa axuda de razas autóctonas en perigo de extinción. As axudas de agroambiente e clima son compatibles entre sí, agás xestión sostible de pastos e extensificación de vacún de leite que son incompatibles entre elas.

**11. Unha explotación formada por un mozo, que iniciou a actividade en marzo deste ano 2015, dándose de alta na seguridade social. A efectos da carga gandeira váiselle facer a media de animais tamén dende xaneiro, tendo en conta que é unha nova explotación e que en xaneiro e febreiro tiña cero animais?**

Si, non temos previstas excepción agás causas de forza maior, neste caso senón cumpre o ano 2015 debería solicitar no anos 2016.

**12. Parcelas con pendente >8% valen para agroambientais?**

Sí, non existe ningún valor da pendente faga que as parcelas non sexan primables. Cousa distinta é que en dúas liñas de axudas (Extensificación do vacún de leite e Xestión sostible de pastos) existe un compromiso que consiste en “Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto”.

**13. Xa sei que non se pode realizar ampliación de compromisos, pero considerase ampliación o caso de que un solicitante poida solicitar nesta campaña 2015 pola liña de xestión sostible de pastos e para o ano 2016 pedir a liña de produción integrada, debido a que na campaña actual non ten o rexistro en Producción Integrada dende 1/1/2015 ??**

Si, pode solicitar no 2015 xestión sostible de pastos e no ano 2016 solicitar as axudas de P.I.

14. Na normativa cando pon " Manter a superficie forraxeira comprometida durante os anos que dure o compromiso. Non obstante, o número de hectáreas as que se aplicará un compromiso poderá reducirse, sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10 % da superficie suxeita a ela ao inicio do compromiso."

Se presento un fin de arrendamento podería sacar máis do 10% da superficie comprometida? se penalización

Non

## AGROAMBIENTE E CLIMA

### MANEXO SOSTIBLE DE PASTOS/ESTENSIFICACIÓN DO VACÚN DE LEITE:

15. Nas operacións incluídas no Manexo sostible de pastos, é dicir, a Xestión sostible de pastos e a Extensificación de vacún de leite, sobre que superficie hai que aplicar as prácticas agrarias que se derivan dos compromisos? Sobre a superficie comprometida ou sobre toda a superficie da explotación?

Os compromisos e as prácticas agrarias derivadas destes, aplicaranse **sobre a totalidade da superficie da explotación con independencia de que sexa superficie comprometida ou non**, ou de que sexa primable ou non. Polo tanto, a verificación dos compromisos (non implantar cultivos en recintos con pte >10%, % de millo e cultivos forraxeiros, pastoreo, etc.) farase tendo en conta a superficie total da explotación.

16. Nas axudas de extensificación de vacún de leite, o pastoreo ocupara o 50% da superficie de prados (temporais e permanentes), enténdese que tamén se inclúen os pasteiros?

Sí, pero non os pastos arbustivos ou arborados.

17. Nas axudas de Xestión sostible de pastos e a Extensificación de vacún de leite, para o cálculo da superficie indemnizable poderá considerarse toda a superficie forraxeira vinculada a varios REGAs da explotación?.

Si, considerase toda aquela superficie forraxeira do concello donde teña os REGAs a explotación e a dos concellos limítrofes respectivos. Sempre terá que ser superficie de concellos de Galicia.

**18. Entre os compromisos das axudas de extensificación de vacún de leite recóllese que o pastoreo debe ocupar polo menos o 50% da superficie de prados (temporais e permanentes) da explotación, pode facerse este pastoreo so coas vacas secas e novillas da explotación?**

Non, o pastoreo ten que ser unha práctica habitual da explotación e polo tanto, non pode restrinxirse a eses subconxuntos.

**19. Se un pasteiro pasa a prado, pasaríase de cobrar 36 euros/has a 120?**

Non, seguiría cobrando tomando como referencia os importes aprobados o primeiro ano sobre a superficie indemnizable comprometida.

**20. Un gandeiro que ten vacas de carne e un cebadeiro de porcos poden os porcos computar na carga gandeira?**

Non, os porcos non computarían.

**21. Entraría na liña de Extensificación de vacún de leite unha explotación mixta cos seguintes animais maiores de 12 meses:**

- **Conxunto mestizo: 12**
- **Frisona: 35**
- **Rubia Galega: 6**

Non, non entraría na liña de “extensificación de vacún de leite”, xa que tería que ter a explotación clasificación zootécnica “reproducción para a produción de leite” xa que non cumpre o do 70% UGM con de aptitude leiteira xa que as mestizas non computan como “aptitude leiteira” pola clasificación zootécnica que ten (Reproducción/produción mixta), polo que podería solicitar a liña de “xestión sustentable de pastos”.

**22. Na liña de extensificación de vacún de leite: indicase que o pastoreo será do 50% da superficie. ¿Tera que ser durante todo o ano? ¿ou serviría con algúns meses?**

O pastoreo ten que ser unha práctica habitual da explotación e polo tanto, non pode restrinxirse nin a determinadas épocas do ano nin a determinados subconxuntos de gando.

**23. Unha explotación, que actualmente produce leite pero que reconverterase para vacún de carne. Podería solicitar xa este ano, por manexo sostible de pastos? Necesita cea mixto?**

Si, sen problema e non precisa de CEA mixto.

**24. Unha explotación de leite podería acollerse a liña de manexo sostible de pastos?**

Si, sen problema.

**25. Unha hectárea de pasto arbustivo cóbrase menos que unha de pradeira. Pero á hora de contar para o mínimo de hectáreas contan igual? Por exemplo, se teño 9 hectáreas de pradeira e 1 de pasto arbustivo chego ás 10 hectáreas mínimas?**

Si, no caso de xestión sostible de pasto, consideraríanse 10 Ha de superficie indemnizable, tendo en conta que 1 Ha de PR computa a superficie neta, pero en extensificación de vacún de leite non computan PR/PA como S.I.

**26. Moitos gandeiros, como na campaña anterior do CES, teñen medo a, por razóns diversas que se poidan presentar, non poder cumprir o compromiso dos cinco anos de esta nova campaña na axuda de agroambiente e clima.**

**No anterior podíanse facer transferencia de compromisos do CES, como estaba ligado as parcelas, ese compromisos van ligados a esas fincas. Nesta nova campaña ¿que se pode facer nese caso de non poder cumprir os cinco anos, e que non sexa por causas de forza maior contempladas?.**

E importante salientar o carácter plurianual destas axudas e os compromisos inherente as mesmas, polo que un beneficiario que solicita estas axudas debe ter en conta que debe asegurar como mínimo unha viabilidade da súa explotación polo menos por 5 anos. As causas de forza maior recóllense no artigo 2.2 do R(UE) 1306/2013 e teranse en conta no caso de que un beneficiario non poida manter o compromiso dos 5 anos.

Dentro dos compromisos específicos nas liñas de manexo sostible de pastos, están:

A superficie a millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de 5 anos) debe ser menos do 20 % da superficie forraxeira da explotación en carne, e 25 % en leite.

**27. En xestión de pastoreo, as patacas e hortalizas son primables?**

Non, so terá a consideración de superficie indemnizable a superficie forraxeira que cumpra o recollido no apartado 2 do artigo 65 no caso de xestión sostible de pastos e no caso de extensificación do vacún de leite a que se recolle no apartado 2 do artigo 70 da orde de convocatoria 2015.

**28. No caso das liñas de Xestión sustentable de pastos ou Extensificación do vacún de leite:**

**¿Se un titular inclúe un número de hectáreas que cumpran as condicións de ditas liñas maior do número de DPB serán indemnizables tamén ou ben so se indemnizarán como máximo un número de hectáreas igual ao de DPBs?**

**Exemplo: Una explotación de carne ten 10 DPB e xustifica 12 Ha que cumpren os requisitos do Pago Verde e tamén por exemplo os de xestión sustentable de pastos.**

**¿Poderá recibir indemnización de dita liña por 12Ha ou só por 10?**

Sí, serían indemnizables por 12 Has, sempre e cando os produtos declarados e determinados sexan compatibles coa liña de axuda solicitada, neste caso a de xestión sustentable de pastos.

**29. Que se entende por cultivos forraxeiros /superficie forraxeira??**

**Por exemplo os nabos, as patacas, o xirasol o trigo, son forraxeiros ou non?**

Entendese por "Superficie forraxeira" a superficie agraria da explotación dedicada a pastos ou a cultivos destinados á produción de forraxe para a alimentación animal, incluídas as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, dispoñible durante todo o ano natural para a cría de bovinos, ovinos, caprinos ou equinos. Cando declare o produto do recinto debe indicar se ten aproveitamento forraxeiro (S/N).

De acordo co anterior e tendo en conta que o período principal de cultivo vai de maio a setembro, pensamos que non será posible declarar nabos (pois non estarán nas parcelas polo menos 2 meses consecutivos dese período) e as patacas e o trigo non serán superficies forraxeiras.

## **RAZAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN:**

**30. Razas autóctonas en perigo de extinción: é necesario manter as UGM comprometidas ao inicio dos compromisos?**

Sí, o número de UGM comprometidas ao inicio dos compromisos debe, polo menos, manterse.

**31. Compútanse para as UGM a pagar vacas, xovencas e becerros?**

Sí sempre e cando estean no libro xenealóxico. Ademais, hai que lembrar que as UGM que se comprometan a manter ao inicio dos compromisos hai que mantelas ata o final dos mesmos, polo tanto ollo cos becerros.

**32. Unha explotación de porco celta que non ten que cumprir?**

Non ten que cumprir-lo requisito de carga gandeira.

**33. Os animais xa teñen que estar presentes desde o 1 de xaneiro?**

Si, tendo en conta que a prima que lles pagamos compensa o incremento de custos e perda de ingresos por asumir voluntariamente os compromisos subscritos durante un ano, neste caso a conservación da raza en perigo de extinción durante un ano, entendemos que deben estar dados de alta a 01/01/15, para a **campaña 2016 deben estar dados de alta a 01/01/16.**

**34. O pastoreo vai estar suxeito a un plan cunhas condicións específicas marcadas pola consellería ou serán os técnicos os que fagan os seus propios plans?.**

E necesario facer as anotacións que se recollen no anexo XII da orde de convocatoria.

## **PRODUCCION INTEGRADA:**

### **35. Producción integrada: é necesario obter a certificación dunha entidade acreditada ou é suficiente con respectar a normativa?**

É imprescindible obter a certificación dunha entidade acreditada. Ademais, os beneficiarios deben asegurarse de que as parcelas que teñen inscritas no Rexistro Oficial de Producción Integrada de Galicia e as súas referencias identificativas, están actualizadas.

## **APICULTURA:**

### **36. Cando se considera primable unha alvariza na axuda de apicultura para mellora da biodiversidade en zonas con limitacións naturais?**

Para que unha alvariza se considere primable debe cumprir o seguinte:

- Estar debidamente rexistrada e actualizada no REGA: censo de colmeas, etc
- Estar xeolocalizada. A xeolocalización, que debe figurar na solicitude, non é obrigatoria en REGA, pero os Servizos Veterinarios están xeoreferenciando as alvarizas. Por elo, previamente á solicitude, o gandeiro ten que solicitar os datos de xeolocalización aos Servizos Veterinarios Oficiais, ou, no seu caso, que se lle xeocalicen as alvarizas. En definitiva para que sexa primable, cada alvariza ten que figurar coas súas coordenadas na solicitude e no REGA.
- Estar nun concello de Galicia considerado como zona de montaña.
- Estar a unha distancia  $\geq$  1km respecto de calquera outra alvariza do mesmo apicultor.

Un beneficiario deberá comprometer un mínimo de 100 colmeas primables situadas polo menos, en 2 alvarizas que cumpran estes requisitos/compromisos. Consideraranse primables un máximo de 80 colmeas/alvariza

### **37. Na apicultura para a mellora da biodiversidade hai número mínimo de colmeas por alvariza?**

En ningunha das liñas de apicultura (biodiversidade ou ecolóxico) hai límite mínimo de colmeas por alvariza. Como regra mnemotécnica: o número mínimo de colmeas comprometidas é por solicitante (100 en biodiversidade e 80 en ecolóxico) e o número máximo de colmeas primables é por alvariza (80 nos dous casos).

### **38. Como se contabilizarían o número de colmeas por parte da administración?**

A verificación das colmeas e asentamentos faranse a nivel administrativo sobre a base dos datos de sanidade animal, polo tanto, deberá ter todos os asentamentos debidamente xeolocalizados e tamén, de selo caso, se verificará sobre o terreo os asentamentos e colmeas.



# AGRICULTURA ECOLÓXICA

## 39. Quen pode acceder á axuda de conversión e quen á axuda de mantemento?

Estas axudas son incompatibles entre sí polo tanto, un mesmo beneficiario simultaneamente só poderá ter unha delas.

A axuda de conversión só a solicitarán aqueles beneficiarios nos que toda a superficie da súa explotación inscrita no CRAEGA se atope en período de conversión.

Pola contra, un beneficiario que non teña superficie en conversión ou que só teña en conversión unha parte da superficie total inscrita no CRAEGA, solicitará a axuda de mantemento incluíndo toda a superficie que vaia comprometer con independencia de se é superficie en período de conversión ou que xa finalizou ese período.

## 40. Cando se pasará da axuda de conversión á axuda de mantemento?

O paso da axuda de conversión á axuda de mantemento dependerá da data de finalización do período de conversión establecida e certificada polo CRAEGA. Deste xeito, se a finalización do período de conversión é anterior ao 1 de xullo do ano N entón o beneficiario deberá solicitar xa nese ano N a axuda de mantemento, pola contra se o período de conversión finaliza a partir do 1 de xullo (inclusive) do ano N, entón nese ano aínda terá dereito a axuda de conversión e no ano N+1 xa solicitará a axuda de mantemento.

## 41. Cando se considera primable unha alvariza na axuda de apicultura ecolóxica?

Ademais de cumprir coa normativa da produción ecolóxica, para que unha alvariza se considere primable debe cumprir o seguinte:

- Estar debidamente rexistrada e actualizada no REGA: censo de colmeas, etc
- Estar xeolocalizada. A xeolocalización, que debe figurar na solicitude, non é obrigatoria en REGA, pero os Servizos Veterinarios están xeoreferenciando as alvarizas. Por elo, previamente á solicitude, o gandeiro ten que solicitar os datos de xeolocalización aos Servizos Veterinarios Oficiais, ou, no seu caso, que se lle xeolocalicen as alvarizas. En definitiva para que sexa primable, cada alvariza ten que figurar coas súas coordenadas na solicitude e no REGA.
- Estar a unha distancia  $\geq$  1km respecto de calquera outra alvariza do mesmo apicultor.

Un beneficiario deberá comprometer polo menos 80 colmeas e en cada alvariza que cumpra estos requisitos/compromisos serán primables un máximo de 80 colmeas.

**42. Son incompatibles as axudas de conversión e mantemento de AE, e o que solicite para conversión, unha vez estea “convertido” pasará a cobrar os importes que se pagan por mantemento?**

Sí, e ademais só poderá solicitar conversión se toda a superficie inscrita no CRAEGA está en conversión. Se só ten parte en conversión terá que solicitar mantemento por toda a superficie que comprometa independentemente de que estea en conversión ou mantemento e pagaráselle todo por mantemento.

**43. Con que data teñen que estar inscritos no CRAEGA?**

Tendo en conta que a prima que lles pagamos compensa o incremento de custos e perda de ingresos por exercer a agricultura ecolóxica **durante un ano**, o importante é que o inicio do período de conversión empece como moi tarde o 1/01/2015 para nos solicitantes na campaña 2016, **o inicio do período de conversión empece como moi tarde o 1/01/2016** . En canto a data de inscrición non poñemos unha concreta pois a este respecto o que vamos a comprobar e que cando o CRAEGA nos envíe os primeiros certificados (non antes de xuño) nos indique que o produtor está inscrito no correspondente rexistro, polo que a efectos de datas o relevante é cando se iniciou o período de conversión pois desde ese momento o produtor está aplicando as prácticas de agricultura ecolóxica e polo tanto “sufrindo” o incremento de custos e a perda de ingresos.

**44. Si un beneficiario solicita a axuda por mantemento de agricultura ecolóxica por cultivos herbáceos (trigo) en 3,5 has (213 euros /has) e a axuda por mantemento de ganaría ecolóxica en 7,5 has, prados e cultivos forraxeiros, (288 euros/ ha). Pode variar o cultivo do trigo na superficie comprometida?**

Na medida de agricultura e ganaría ecolóxica os compromisos establécense sobre parcelas fixas, polo tanto o beneficiario debera mante-lo compromiso sobre as parcelas que suman as 11 has. Sen embargo poderá variar os cultivos nesas 11 has, incluso non poñer trigo e poñer todo a prados e cultivos forraxeiros. Neste último caso o montante global da axuda virá limitado polo que solicitou o primeiro ano xa que non se admiten ampliacións.